

O persoal da Torre prosegue co calendario de mobilizacións



[1]

Os 13 traballadores despedidos da Torre de Hércules continúan coas mobilizacións para demandar a súa readmisión. O persoal realizou un acto simbólico na tardiña do 25 de xaneiro, que consistiu en reproducir o faro con candeas na Praza de María Pita. O Goberno local segue a ignorar este colectivo e non accede a se reunir con el, pese a que hai xa un mes que se rexistrou unha solicitude de entrevista co alcalde.

26/1/12.

O persoal solicítalle ao Concello que inclúa, no prego de condicións da nova concesionaria, unha cláusula que garanta a súa subrogación. Por outra banda, transcorridos once días desde o peche do faro, aínda non comezaron as obras que teoricamente se ían acometer.

O convenio reconece a subrogación

O [convenio galego de servizos, eventos e producións culturais](#) [2], de aplicación ao persoal da Torre de Hércules, recolle o dereito de subrogación no artigo 30: “Ao termo da concesión dunha contrata, os/as traballadores/as da Empresa contratista saínte pasarán a ser adscritos/as á nova titular da contrata quen se subrogará en todos os dereitos e obrigacións”. Porén, o Goberno local permanece impasíbel.

Novas relacionadas: [Traballadores da Torre difunden as súas demandas entre as delegacións internacionais en FITUR](#) [3]

[Informan os asistentes a FITUR, en Madrid, do conflito da Torre de Hércules](#) [4]

[Centos de persoas arroupan os empregados da Torre no día do seu peche](#) [5]

[Continúa o peche na Torre de Hércules malia acabárense os alimentos](#) [6]

[Dous sindicalistas péchanse na Torre de Hércules en defensa dos seus traballadores](#) [7]

[Os traballadores da Torre de Hércules responsabilizan o Concello da perda dos seus postos](#) [8]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] http://cigservizos.org/sites/default/files/acordo_convenio/2010/04/convenio_2010_2012_13537.pdf

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.21/traballadores-da-torre-difunden-s%C3%BAas-demandas-entre-delegaci%C3%B3ns-internacionais-en-fi>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.20/informan-os-asistentes-fitur-en-madrid-do-conflito-da-torre-de-h%C3%A9rcules>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.16/centos-de-persoas-arroupan-os-emplegados-da-torre-no-d%C3%A1-do-seu-peche>

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.13/contin%C3%BAa-o-peche-na-torre-de-h%C3%A9rcules-malia-acab%C3%A1rense-os-alimentos>

[7] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.11/dous-sindicalistas-p%C3%A9chanse-na-torre-de-h%C3%A9rcules-en-defensa-dos-seus-traballadores>

[8] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.07/os-traballadores-da-torre-de-h%C3%A9rcules-responsabilizan-o-concello-da-perda-dos-seus-p>

O persoal da Torre prosegue co calendario de mobilizacións

Publicado en Federación de Servizos (<http://www.cigservizos.org>)
